



ACTA DE REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE CULTURA

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: CULTURA

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Salón de Plenos municipal

Data: 03/05/2017

Hora: 20:15

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

- 1) Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada e concelleiro de Participación Cidadá,
- 2) María Pardo Fafián, concelleira de Cultura,
- 3) Luisa Taboada , en representación da asociación cultural Recacheira,
- 4) Marisa Naveiro López, en representación da asociación cultural Irmáns Suárez Picallo,
- 5) Estevo Rodríguez Liste, en representación da asociación cultural Irmáns Suárez Picallo,
- 6) Jaime Rodríguez Rodríguez, en representación da asociación cultural Irmáns Suárez Picallo,
- 7) Lucas Santolino, en representación da asociación cultural Os Patexeiros,
- 8) Carlos Babío Nogueira, en representación de Esperto,
- 9) David Suárez Ansedo, en representación de Esperto,
- 10) Lorena Castelo Suárez, en representación de Esperto,
- 11) Rubén Suárez García, en representación da Asociación cultural Sada Rock,
- 12) Julio Pérez Naya, en representación da asociación cultural Castelao,
- 13) Juan José Casanova Muñiz, en representación da asociación cultural A Meda,
- 14) Aránzazu Pardo Guillán, en representación da asociación cultural A Meda,
- 15) Pedro Rubín Garrido, a título individual,
- 16) Lina Andrade Pena, a título individual,
- 17) Tamara Rubiños Varela, que asiste a reunión como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada,

e actúa como **secretaria/o**:

Silvia Varela Núñez, como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1ª parte: de constitución do Consello Sectorial.

1. Presentación da sesión e resumo do proceso de creación de Consellos Sectoriais realizado ata o momento.



2. Presentación de representantes institucionais, representantes dos grupos políticos con presenza no pleno, e representantes das asociacións que desexan integrarse.
3. Presentación das veciñas e veciños integrantes do Consello Sectorial a título individual.

4. Funcionamento do Consello Sectorial para a elaboración dun Regulamento Interno:
 - 4.1. Establecemento das funcións do Consello Sectorial.
 - 4.2. Establecemento da periodicidade das reunións.
 - 4.3. Establecemento das canles de comunicación internas e externas.
5. Outros.

2ª parte: da seguinte reunión.

6. Temas a tratar na seguinte reunión do Consello, para comezar a elaborar a orde do día.
7. Varios.
8. Determinación da data, hora e lugar da seguinte reunión
9. Lectura da acta de constitución, sinatura da mesma polas persoas presentes e peche da sesión.

Da 1ª parte da reunión:

- Dá comezo a sesión coa presentación da mesma, por parte do equipo técnico, e a realización dun resumo do proceso levado a cabo ata o momento para a creación dos Consellos Sectoriais. Abórdase máis concretamente o tratado no 3º encontro participativo: funcionamento dos Consellos Sectoriais.
- Dáse a coñecer que a persoa que asumirá as funcións de secretaria deste Consello, de non presentarse voluntaria algunha das persoas presentes, será: Xosé Fernando Fariña (non presente), secretario da alcaldía de Sada.
- María Pardo Fafián, concelleira de Cultura e Óscar Benito Portela Fernández , alcalde e concelleiro de Participación Cidadá, serán as persoas que representen á Administración municipal neste Consello. Lémbrese que os grupos políticos de Sada teñen a posibilidade de designar representantes dos mesmos para formar parte deste Consello. Ata o momento non foi designada representante ningunha persoa por parte de ningún dos grupos políticos, quedando aberta esta posibilidade e podendo integrarse calquera persoa en calquera momento no futuro.



- As persoas que están presentes nesta reunión a título individual manifestan o seu interese en integrarse deste xeito neste Consello.
- As persoas presentes nesta reunión en representación de distintas asociacións, manifestan o interese dos colectivos aos cales representan, de formar parte deste Consello, mediante a designación das persoas que os representarán.
- Pedro Rubín Garrido, que se presentou como participante nesta mesa a título individual, manifesta tamén que forma parte da compañía Teatro Galileo, entidade con ánimo de lucro. Este tipo de entidades non está contemplado que poidan formar parte dos Consellos Sectoriais, polo que se comenta que podería modificarse este aspecto no Regulamento de Participación Cidadá e permitir a participación de empresas neste órganos de participación. Todas as persoas presentes manifestan estar de acordo con que se leve a cabo esta modificación.
- Abórdase a periodicidade de reunións ordinarias a manter por este Consello, considerando maioritariamente que dúas ao ano son suficientes, podendo convocarse reunións extraordinarias cando sexa preciso. Neste punto non hai unanimidade debido a que algunha das persoas presentes considera insuficiente este número de reunións. Acórdase finalmente realizar dúas reunións ordinarias ao ano. Unha das persoas presentes propón manter reunións previas ás propias do Consello atendendo a bloques temáticos concretos, mais opínase que isto pode dificultar o funcionamento. Finalmente acórdase manter unha reunión previa a cada unha das reunións ordinarias entre as persoas que forman parte deste Consello tanto a título individual como en representación dalgunha asociación ou colectivo.
- En canto á comunicación interna do Consello, débense os pros e contras de crear un grupo na aplicación de mensaxería Whatsapp, e acórdase finalmente que as persoas que forman parte deste Consello se manterán en contacto por correo electrónico.
- Abórdase cales serán as canles externas de comunicación do Consello Sectorial, consensuando empregar o mesmo criterio acordado nos anteriores Consellos creados: facer pública a orde do día dunha reunión cuns 15 días de antelación, e facer pública a acta de cada reunión, cun tempo máximo de 30 días tras cada reunión, tras ser esta validada polas persoas participantes no Consello. Compréndese a flexibilidade deste prazo no caso de requirirse modificacións nas correspondentes actas.
- Queda constituído o Consello Sectorial da Cultura de Sada, composto polas persoas e entidades anteriormente sinaladas.

Da 2ª parte:

- De cara á seguinte reunión, opínase que deben abordarse as seguintes cuestións:
- Cal vai ser o concepto de cultura sobre o cal se vai reflexionar, debatir e propoñer neste Consello Sectorial.
- Interesa realizar unha diagnose previa sobre a situación da cultura en Sada (oferta, consumo, etc.) e cales deben ser os obxectivos a marcar por este Consello Sectorial. Apórtase como idea consultar coas diferentes asociacións veciñais como é a situación que coñecen e realizar cuestionarios entre a poboación.



- A cultura como vector económico. Como facer da cultura un atractivo.
- Pensar nunha oferta cultural diferente, que atraia e convirta Sada nun punto de referencia e contribúa a aumentar o prestixio da oferta cultural do concello.
- Mellorar a comunicación e difusión da oferta cultural, especialmente fóra do núcleo urbano.
- Museo Carlos Maside, do Castro.

Data, hora e lugar da próxima reunión: 31/05/2017, ás 20:00h. no Salón de Plenos municipal.

Remata esta reunión sendo as 22:45. Todas as persoas presentes nestes momento asinan a presente acta e manifestan coñecer o contido da mesma.